

MANUAL DE USO

Trátase dun formato doado de manexar.

Hai que ir seguindo as distintas páxinas da unidade ou enfocarse nalgún tema por separado.

O curso estrutúrase en once temas. Cada tema consta de dous apartados:



CONTIDOS



ANM 9. O baile agarrado



CUESTIONARIO



ANM 9. O baile agarrado (proba)

CONTIDOS: a información co formato de libro Moodle.

CUESTIONARIO: unha proba de Moodle repasando cuestións destacadas do tema.

I. CONTIDOS

Hai que ir navegando polas páxinas, mediante a **táboa de contidos** situada no lado superior esquerdo, ou polas frechas ao final inferior de cada páxina:

<p>Táboa de contidos</p> <p>Introdución</p> <p>Que é? I</p> <p>Que é? II</p> <p>Que é? III</p> <p>Dunha ollada</p> <p>Canto sei!</p>	<p>ANM 1. A música tradicional</p> <hr/> <p>Introdución →</p>
---	--

Empezaremos na **introdución**, onde repararemos na imaxe e seguidamente no texto que nos vai presentando os trazos máis interesantes do que segue.

Chegamos á información máis detallada, no apartado '**Que é?**'. Nalgún capítulo hai varias páxinas seguidas. Recomendamos ler detidamente a información antes de acudir aos audios e vídeos e pode ser útil visionar e/ ou escoitar máis dunha vez o proposto, para asimilar toda a información.

O apartado '**Dunha ollada**' preséntanos unha infografía onde se resumen os datos máis interesantes do tema e nolo amosa de xeito esquemático.

O apartado '**Dálle marcha**' achega unha partitura (case sempre adaptada e simplificada) e un arquivo de son moi sinxelo para que coñezas polo menos un exemplo de cada temática.

As actividades aparecen no apartado '**Canto sei!**' e deberase ir respondendo aos exercicios H5P (formato moi intuitivo), que inciden en varios aspectos tratados. Ao final de cada conxunto de cuestións podes ver a puntuación obtida:

Canto sei!

Diapositiva	Puntuación/Total
Diapositiva 1: Untitled Drag the Words	6/6
Diapositiva 2: ANM 1.b	4/4
Diapositiva 3: ANM 1.c	0/3
Diapositiva 4: ANM 1.c	0/5

Puntuación Total  10/18

II. CUESTIONARIO

Fóra do libro tamén se engade unha **proba** tipo Moodle onde repasar varios aspectos concretos da información tratada.

Pódense imprimir os libros ou capítulos como .pdf premendo nestes atallos na parte esquerda da pantalla:

Administración

▼ Administración de libro

 [Imprimir libro](#)

 [Imprimir este capítulo](#)

Por cuestións de autoría e dereitos de uso, a maioría dos vídeos e arquivos de audio son enlaces externos a outras plataformas (Youtube, web da AELG, Souncloud).

Ignacio Portela Gómez-Macías